

1. líder

BASKET



DEBUT DE **74 54** XIGANTES

Por primeira vez un equipo de Maristas Lugo compete na Liga Galega infantil masculina. Os colexiais seguen dándolle continuidade ao bo facer da pasada campaña tras estrearse este curso impoñéndose a Culleredo por vinte puntos.



ESPECTACULAR DERBI INFANTIL EN VISTA ALEGRE

O Academia A Mariña Burela, que debutaba na Liga Galega, recibiu ao Estudiantes, que se impuxo nun final de partido no que a moeda caeu do lado celeste.



SAN CIPRIÁN PRESENTOUSE AO GRANDE EN GALEGA

O Suministros Carreira disputou o seu primeiro encontro en Primeira División e ademais conseguiu a vitoria tras impoñerse a Costa Ártabra en Ferrol.

JÚNIOR PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA E FEMININA



Estudiantes Leyma arrinca con dúas vitorias no Anexo

Os rapaces de Pablo Abuín impuxéronse a COB e as xogadoras de Fernán Varela a Carmelitas, polo que os recentes terceiro e segundo clasificados na Copa Galicia iniciaron as súas ligas regulares con bo pé.



A celeste Carla trata de buscar un pase á pintura



Yashina Lebron protexe a posesión ante o banco celeste



Laura trata de ir cara a zona nunha xogada de ataque

O esforzo eclipsou a falta de brillantez

O ESTUDIANTES MÁIS ESPESO sacou adiante o primeiro encontro de Liga ante Carmelitas a base de traballo e compromiso

ESTUDIANTES		CARMELITAS	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
46		37	
Eva		Muguerza	
María		Magide	
Sabela		Pena	
Yashina		Nogueiras	
Marta		Fernández	
Silvia		Rego	
Caludia		Pena	
Cristina		Diéguez	
Núria		Khoulé	
Laura		Tourón	
Carla		Rodríguez	

"TENEMOS MUCHO MARGEN DE MEJORA Y POR SUERTE TENEMOS MUCHO TIEMPO POR DELANTE"

FERNÁN VARELA - Estudiantes

Copa á Liga, as flamantes subcampionas galegas fixeron moitas cousas ben ante o descoñecido pero armado tacticamente Carmelitas, pero a falta de acerto fixo que o par-

tido fose moito máis igualado do que debería.

Mediado o primeiro cuarto o marcador era de empate a dous puntos, cos dous equipos intensos pero desacertados.

A dinámica de adestramentos as últimas semanas non foi a mellor para as celestes e acusárono. Pese a iso o nivel defensivo segue crecendo igual que o rebote ofensivo e a

boa intención no contraataque, pese a que falles a execución final.

Tralo discreto inicio de partido en canto a puntuación, Carmelitas fixo a goma cada vez que Estudiantes íase un pouco no marcador, nun partido trabado ao longo dos primeiros vinte minutos.

Na segunda parte apareceu por momentos o acerto na definición e



A estudiantil Núria entrando con decisión na pintura

Estudiantes puido abrir oco no marcador, unha renda que administraron ata o final do encontro no que as de Fernán Varela volveron sufrir un apagón ofensivo, aínda que souberon manter a renda.

Próxima xornada

Estudiantes visita a Rosalía a próxima xornada en

Santiago de Compostela para medirse cun rival que xa coñecen desta tempada tras medirse na Copa Galicia tamén en Santiago. Nese encontro Estudiantes caeu 75-61, polo que buscará a revancha ante un aspirante a estar nos postos altos da clasificación a final de tempada.

O Ría de Ribadeo tomou o mandado dende a xornada inaugural en Segunda



A sarriá Candela subindo a pelota presionada por Álex

DOUS DERBIS PROVINCIAIS PARA COMEZAR. As mariñas gañaron a Terra Chá, e Estudiantes a María Teresa Martínez Dental Sarria

A Segunda División júnior feminina foi a primeira en poñerse en marcha. No Grupo A-2 compiten tres equipos lucenses e un ferrolán, o Baxi Ferrol.

A tempada comezou con dous derbis e deixou un primeiro líder, o Ría de Ribadeo, tras impoñerse 24-77 a Terra Chá nun

partido no que as de Jose Vázquez presentaron candidatura ao título facendo valer a súa superioridade física e técnica ao longo dos corenta minutos.

Con Aldara imperial nun gran estado de forma na dirección do equipo, o xogo ofensivo foi moi ordenado e a defensa individual propiciou as primeiras vantaxes, sendo Ribadeo moi superior baixo taboleiros.

O primeiro cuarto terminou con 10-23 e o segundo empezou con dous triplos case consecutivos de Aldara, co que Ribadeo rompeu por completo o encontro.

Terra Chá intentou cortar a sangría con defensa a toda pista pero Aldará continuou ao mando das operacións, secundada á perfección por Irene e

Fátima na pintura, que terminaron con 19 e 18 puntos respectivamente deixando claro que Ría de Ribadeo será un dos equipos a bater tamén esta tempada.

No Anexo medíronse Estudiantes e Sarria nun partido marcado pola superioridade física das capitalinas, polo que a María Teresa Martínez Dental custoulle moito poder anotar con fluidez ao longo do encontro.

O primeiro cuarto pechouse con 21-7 e ao descanso o marcador era de 40-18.

Na segunda parte Sarria circulo mellor o balón e tivo momentos de bo baloncesto malia que lles custaba moito anotar con fluidez.

O outro representante

lucense nesta competición, o Ensino, viaxou a Ferrol para medirse con Baxi nun partido de altos voos, con alternancias no marcador pero no que a moeda caeu ao lado local co definitivo 58-52.

JUNIOR 2ª FEMININO A2						
RESULTADOS						
Estudiantes - CB Sarria						78-47
CB Terra Cha - Ría Ribadeo						24-77
Baxi Ferrol - Ensino Lugo						58-52
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB RÍA DE RIBADEO	1	1	0	0	77	24
ESTUDIANTES	1	1	0	0	78	47
BAXI FERROL	1	1	0	0	58	52
ENSINO LUGO	1	0	1	0	52	58
C.B. SARRIA	1	0	1	0	47	78
CB TERRA CHA	1	0	1	0	24	77
PRÓXIMA XORNADA						
Estudiantes - CB Sarria						
Emergal CB Terra Chá - CB Ría Ribadeo						
Baxi Ferrol - Ensino Lugo						



Carla tras superar na presión a Adri



Ángela por diante de Patricia Mulet



Iván Cabezedo realizando un pase nun lance do xogo



Lucas na pintura ante dous rivais ourensáns



Diego avanza tras superar a un xogador rival

Vitoria por oficio no Anexo

ESTUDIANTES PUXO FIN Á RESISTENCIA DE OURENSE nun encontro máis práctico que vistoso e no que tiveron que remar contracorrente tralo 12-15 co que arrincou o encontro

ESTUDIANTES		COB	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Mikel	71	Fernández P.	58
Álvaro		Lervinho	
Dani		Pardo	
Cabe		Fernández L.	
Jorge		Ferreiro	
Diego		Parente	
Lucas		Sánchez E.	
Adrián		Sánchez	
Carlos		Alonso	
Pedro			
Borja			

“TODAVÍA SEGUIMOS EN PROCESO DE CONSTRUCCIÓN”

PABLO ABUÍN - Estudiantes

masculina. O COB xa pasou esta tempada polo Anexo en partido de Copa Galicia, imponéndose os celestes nesa ocasión por 69-50.

A Liga é outra competición e Ourense presentouse en Lugo con aires renovados. Suscitaron unha defensa moi pechada que fixo que o ataque lucense fose espeso e con iso tomaron o mando no

marcador no primeiro parcial, 12-15.

Estudiantes tiña que remar contracorrente no marcador e contra a sensación de falta de ritmo ao estar aínda en proceso de construción o equipo, con todo os celestes empezaron a crecer desde a defensa, roubaron balóns e puideron anotar en rápidas transicións para darlle a volta a un marcador que comprimiu COB antes do descanso con un parcial final de 0-5.

Con 33-27 empezou a segunda parte. A igualdade

volveu reinar no terceiro parcial, no que calquera intento de Estudiantes en irse no marcador tiña unha pronta resposta ourensá, chegándose aos últimos dez minutos con máis sete para Estudiantes no electrónico.

Ante a falta de brillantez no xogo, os de Pablo Abuíñ puxéronse o mono de traballo en defensa e tiveron coraxe preto do aro para sentenciar o partido nos últimos minutos con un parcial definitivo de 21-15 ante o que COB xa non tivo capacidade de resposta.



Mikel mira o aro rodeado de contrarios

Na próxima xornada Estudiantes mide-se a un Bosco Salesianos, que

ven de gañar en Vilagarcía 62-78 na xornada inaugural.

O Ensino xa puxo o seu selo no primeiro partido na Liga Galega

1º

LÍDER DA COMPETICIÓN

Tras impoñerse por 39 puntos en Culleredo, o Durán Maquinaria Ensino é o primeiro líder da Liga Galega júnior masculina. Os de Adrián González debutan na competición e derruban a porta sen antes chamar

O ENCONTRO DEBUT DO CLUB NA PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA saldouse con vitoria tras un parcial inicial de 2-24. A partir de aí, os lucenses xogaron con comodidade

CULLEREDO		ENSINO	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Gil	50	Eloy	89
Varela		Sixto	
Gauoso		Hugo	
Peñas		Mario	
García		Antón	
Meléndez		Cristian	
Varela		Hugo Rey	
Gómez		Sergio	
Ferrero		Jorge	
		Oloqui	
		Sebastian	

“DISPUTAMOS UN PRIMER CUARTO DE BUEN JUEGO Y ESO NOS DIO LA VENTAJA NECESARIA PARA CONTROLAR EL PARTIDO” ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

queda ata curto para os de Adrián González, que non queren estar de paso pola competición e buscarán ser un dos protagonistas principais.

Na xornada inaugural deron un golpe sobre a mesa á primeira de vez, cun debut pola porta grande ao asinar un 4-28 no primeiro parcial da tempada.

A partir de aí poderíase esperar unha certa relaxación, pero o Ensino non se deixou levar. As rotacións mantiveron o listón de intensidade alto e ao descanso chegouse con 23-50 no marcador.

Na segunda parte aos lucenses custoulles un pouco romper a suar, pero

en canto o fixeron endurieron o partido desde a defensa, secando a Culleredo en ataque para ir ampliando a distancia no marcador co paso dos minutos, 14-22 no terceiro cuarto e 13-17 no segundo para asinar o definitivo 50-89 co que o Durán Maquinaria Ensino conseguiu a vitoria máis ampla da primeira xornada para instalarse no primeiro posto da clasificación.

Próxima xornada

O Ensino debutará en casa ante Blanco Amor, un conxunto que perdeu na primeira xornada ante un aspirante ao título como é Tui, polo que chegará a Lugo con fame de vitoria.



Durán Maquinaria, primeiro líder da Liga júnior masculina tras impoñerse a Culleredo

Este grupo de xogadores e corpo técnico que forman o Durán Maquinaria Ensino júnior masculino segue escribindo páxinas que quedarán na historia do club para sempre. Son os artífices do primeiro ascenso á máxima categoría júnior masculina e son os protagonistas da primeira vitoria en Primeira División, un listón que ninguén alcanzou pero que parece que se

Máis luces que sombras nun Ensino sen acoplar

PELETEIRO

mostrouse como un equipo máis rodado a estas alturas

PELETEIRO		ENSINO	
71		46	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Musico A.	5	Sabela A.	8
Sanmarío	8	Silvia L.	2
Moore A.	8	Eva Pardo	18
Martínez A.	10	Carla Paz	
Suárez C.	13	Lorena S.	
Fidalgo C.	21	Carolina F.	2
Rodríguez		Lara Díaz	1
Pardo A.	3	Carla G.	2
Abalo I.	1	Paula H.	11
Filgueiras		Lucía M.	2
Rivas L.	2		

“MUCHOS ERRORES Y FACILIDADES CONTRA UN EQUIPO MUY RODADO. LA ACTITUD DURANTE EL ENCUENTRO FUE EXCELENTE”

DAVID MARTÍNEZ e AIGOR ROMO - Cafés Candelas Ensino

O Cafés Candelas Ensino debutou na Liga Galega cadete feminina cunha derrota que deixa con todo máis luces que sombras. As lucenses mostráronse faltas de rodaxe e acoplamento pero non deron un balón por perdido e tiveron unha gran actitude ao longo dos corenta minutos ante un Peleteiro máis compacto a estas alturas de tempada.

Nos primeiros minutos Ensino viuse superado en defensa e incapaz de anotar en ataque, de aí a que cun parcial de 10-3, Aigor Romo e David Martínez solicitaran un tempo morto co que o Ensino empezou a atopar boas sensacións.

A melloría total chegou no segundo cuarto, no que o balance defensivo foi bo e achegáronse ao marcador ata que nos últimos minutos da primeira parte, Peleteiro aproveitou un par de perdas de balón das lucenses para chegar ao descanso con 31-24 no marcador.

De novo a Ensino custoulle tomarlle o pulso ao encontro ao comezo da segunda parte NA que Peleteiro, cun terceiro parcial de 17-8, DESPEGOU no marcador. Nos últimos dez minutos o acerto local nos tiros libres e as baixas porcentaxes no tiro de Ensino levaron o marcador ata un 71-46 que semella excesivo.



O mariño Álvaro coa pelota nun encontro da fase de ascenso



Manuel trata de superar a un rival nun un para un

San Ciprián xa presentou as súas credenciais

DEBUT NA LIGA GALEGA CADETE CON VITORIA DOS MARIÑOS, nun encontro que sacaron adiante na primeira exhibición de carácter dos Manolo Cobas

C. ÁRTABRA		SAN CIPRIÁN	
52		57	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Gutiérrez		Hugo Coto	5
De la Fuente J.		Antón	5
De la Fuente		Diego	6
Grela		Manu	6
Peña		Miquel	6
Altamira		Marcos	6
Couce		Manuel	5
Pulpeiro		Hugo Cobas	20
Lage		Carlos	7
Carro		Mario	14
Fernández			

“TENEMOS QUE ADAPTARNOS PRONTO A LA INTENSIDAD QUE REQUIERE ESTA COMPETICIÓN PARA PODER COMPETIR MEJOR”

MANOLO COBAS - San Ciprián tras asinar a súa primeira vitoria na máxima competición na xornada inaugural.

San Ciprián púxose no mapa do baloncesto galego co ascenso a Liga Galega cadete masculina esta tempada, pero os de Manolo Cobas non se van conformar con tan só estar presentes e demostrárono á primeira de vez

O encontro foi de altibaxos. Na primeira parte San Ciprián xogou un bo baloncesto, con boa circulación de balón, correndo ao contraataque e dominando o rebote ofensivo, o que lles deu segundas opcións para tomar o mando no marcador, 9-14

no primeiro cuarto e 12-16 no segundo para chegar ao descanso con 21-30.

Costa Ártabra quixo demostrarlle a San Ciprián que isto é Liga Galega. Subiron a intensidade defensiva con permisibilidade arbitral e remontaron o encontro ata chegar a ter unha máxima vantaxe de máis 6 a tres minutos para o final.

Pero si os locais quixeron poñer o seu selo, San Ciprián non se quedou atrás, tirou de carácter e sobrepúxose ás malas porcentaxes de tres, 2-20, para darlle a volta ao marcador, pechando o rebote

e con claridade de ideas en ataque ata terminar cun parcial de máis 11 nos últimos tres minutos

de xogo que levou aos de Manolo Cobas ata a súa primeira vitoria na Liga Galega cadete masculina.



Manu a piques de rematar unha bandexa baixo o aro

As celestes debutan con notable

BO PARTIDO DO ESTUDIANTES EN VILAGARCÍA tras impoñer un ritmo alto de saída e manter a renda ata o final, once puntos que poden ter un gran valor no basketaverage

“MUY CONTENTO CON EL TRABAJO DEL EQUIPO. LA ENERGÍA Y EL ESFUERZO QUE IMPRIMIERON FUERON MUY BUENAS” FERNÁN VARELA - Estudiantes Leyma



Marta subindo o balón nun partido esta tempada no Anexo

GIRALDO		ESTUDIANTES	
57		68	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Del Río B.		Lian	
Del Río A.		Iria	
Torre		Celia	
André		Candela	
Pérez		Enma	
Juñen		Maria	
Otero		Marta F.	
Fernández		Claudia	
		Laura	
		Carla	
		Marta R.	

Estudiantes debutou con notable alto na Liga Galega cadete feminina tras impoñerse en Vilagarcía a un sempre competitivo Giraldo.

Presumíase un partido

complicado no debut e as previsións cumpríronse. Con todo, Estudiantes estivo á altura e exhibiu potencial.

As lucenses levaron sempre o mando no marcador, nun partido cun ritmo de xogo moi alto polo que tamén se cometeron erros típicos destas alturas de tempada. Estudiantes tomou as primeiras vantaxes ao estar sólidas en defensa e con boas saídas á contra.

A marxe de 10-12 puntos no marcador daba unha certa tranquilidade ata ao comezo da segunda

parte, nos minutos nos que máis apertou Giraldo por recortar distancias. Estudiantes mantivo a calma e intentou ampliar a vantaxe o máximo posible de cara a un posible basketaverage entre dous equipos chamados a estar na segunda fase cos mellores conxuntos de Galicia.

Próxima xornada

Estudiantes recibe a Costa Ártabra no Anexo na segunda cita da Liga Galega, un equipo que vén de perder en Culleredo 72-52.

Estudiantes Leyma mostra do que é capaz en Riazor

PARTIDO CON MOITAS FASES: Comezo con recital lucense, depois sufriuse co endurezemento do xogo herculino e rematouse gañando por calidade e personalidade

B. CORUÑA		ESTUDIANTES	
85		95	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Freire		Andrés	3
Feijoo		Mikel	11
Vázquez		Álvaro	32
Villares		Dani	6
Valiño		Oscar	3
Ríos		Lucas	2
Pereira		Cristian	7
Minambres		Rafa	3
Señaris		Simón	16
Torrejón		Brais	12
Veiguela			
Torrado			



Álvaro, máximo anotador, subindo o balón o curso pasado

Partidazo para correr o telón da Liga Galega cadete masculina. Estudiantes asaltou Riazor e impúxose a Basquet Coruña nun encontro que tivo todos os ingredientes para ser un gran espectáculo.

De inicio, showtime de Estudiantes. Os primeiros dez minutos dos de Javi Peinó foron unha oda ao baloncesto, defendendo ben, marcando un ritmo moi alto de xogo e

atopando vías para anotar con porcentaxes de acerto moi altas ata irse

ao 18-36 co que terminou o primeiro cuarto. A partir de aí Coruña

“DISPUTAMOS UN BUEN PARTIDO PARA EMPEZAR LA LIGA”

JAVI PEINÓ - Estudiantes Leyma

endureceu o xogo, freou o ritmo con faltas e empezou a cortar a hemorraxia. 16-17 no segundo parcial para chegar ao descanso con 34-53.

Tralo paso polos vestiarios Estudiantes caeu na trampa local. Coruña endureceu aínda máis o xogo e apareceron problemas co balance celeste que aproveitaron os locais para ir recortando distancias. 28-17 no terceiro parcial, e chegar a poñerse a tiro no último parcial cando a falta de tres minutos e medio Basquet Coruña púxose a tan só un punto de diferenza no marcador.

Cando peor pintaban as cousas, Estudiantes tirou de saber estar, mini-

mizou os erros e apelou á calidade e personalidade para poñer fin á reacción herculina e selar a primeira vitoria na Liga Galega cadete masculina.

36

PUNTOS, PRIMEIRO CUARTO

O recital estudantil co que comezou o encontro viuse reflectido no marcador cos 36 puntos que anotaron os de Javi Peinó nos primeiros dez minutos de xogo

32

PUNTOS, ÁLVARO

O xogador celeste foi imparábel por momentos para a defensa herculina. Mikel, Brais e Simón tamén remataron en dobre dítos o encontro disputado na Coruña

Ribadeo vendeu cara a derrota ante un gran Basket Ferrol

36-38 ao descanso tras unha primeira parte disputada de poder a poder

B. FERROL		RIBADEO	
82		61	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Rouco		Iker	26
Ferreira		Anxo	3
Bellas		Cristian	18
Gómez		Dario	2
Ojea		Joaquín	3
Gil		Dani	2
Castro		Manu	7
Franco		Simón	
Valenciano		Iago	
Lamas			
Romero			

“INICIO DE LIGA CONTRA UN RIVAL MUY FUERTE QUE JUEGA MUY BIEN AL BALONCESTO. AÚN ASÍ, COMPETIMOS DE TÚ A TÚ Y ESTO NOS SERVIRÁ PARA COGERE LA MEDIDA A LA COMPETICIÓN”

SAMA - Ría de Ribadeo

O Ría de Ribadeo Cadete tivo o debut máis complicado dos catro equipos lucenses que compiten na Liga Galega cadete esta tempada. Os de Sama citáronse na primeira xornada cun Basket Ferrol moi rodado e cun gran potencial.

Ribadeo era consciente de que se media a un dos equipos que mellor baloncesto fai nesta competición, pero non lle perdeu a cara ao encontro. Na primeira parte, cun ritmo de xogo moi alto e acerto no tiro, tomaron as rendas no marcador, 17-22 no primeiro cuarto e 19-16 para chegase ao descanso con máis dous no electrónico, 36-38.

O malo da primeira parte foron as lagoas defensivas e a concesión de penetracións a canastra e tiros próximos de Basket Ferrol. Sama intentou corrixir no descanso, pero Ribadeo non conseguiu axustar e ademais baixaron as porcentaxes de acerto en ataque, polo que os ferroláns tomaron as rendas do marcador cun terceiro parcial de 25-11.

Basket Ferrol exhibiu fondo de armario na segunda parte e impuxo un listón de intensidade que descolgou aos mariñaos, aínda que o 82-61 final semella unha diferenza excesiva para o visto sobre a pista ao longo do encontro.

O Ensino foi de menos a máis na posta de largo na Liga Galega

A DEFENSA FOI MEDRANDO CO PASO DO PARTIDO ata guiar aos lucense á primeira vitoria do club na máxima categoría cadete. Juan Bao, con 22 puntos foi o máximo anotador

CULLEREDO		ENSINO	
58		75	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Lopez		Yoel	
Carro		Samuel	6
Fernández		Durán	6
Pulpeiro		Ruano	10
Lage		Martinez	3
Couce		Carreira	10
Pena		Garabito	6
Morate		Juan Bao	22
Grela		Iago	
		Alex Bao	1
		Joel	13

O Ensino presentouse oficialmente na Liga Galega cadete masculina cunha vitoria. Un triunfo no que os de Adrián Vázquez foron de menos a máis, superando un discreto inicio de partido para terminar imponéndose a partir da defensa.

A posta en escena estivo marcada pola falta de intensidade do Ensino, sobre todo en defensa, onde concederon moitas facilidades á hora de pechar o rebote, o que propiciaba que Culle-

redo dispuxese de segundas oportunidades en ataque.

O primeiro parcial pechouse con 21-15 e Ensino tivo que remar contracorrente. Con todo, os lucenses non perderon a calma e empezaron a crecer ao ritmo que crecía a intensidade defensiva, pechándose mellor o rebote e atacábase con máis claridade de ideas. Todo iso desencadeou nun segundo parcial de 11-20 para chegar ao descanso mandando no marcador, 32-35.

Na tregua do intermedio Ensino mentalizouse de que as súas opcións de vitoria pasaban pola defensa e aplicáronse niso, poñendo un listón de intensidade que apagou a Culleredo, á vez que permitía atacar con máis claridade para ir ampliando a diferenza no marcador aos poucos. 16-23 no terceiro parcial para che-

gar aos últimos dez minutos con máis dez no marcador.

Ensino xa non variou o rumbo, continuou traballando como bloque en defensa e terminou o encontro ao grande, asi-

“PRIMER ENCUENTRO DE LIGA GALLEGA EN EL QUE EL EQUIPO SUPO REACCIONAR A UN MAL COMIEZO”

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo

nando a súa primeira vitoria na máxima categoría cadete

masculina por 17 puntos de vantaxe, 58-75.



O Ensino cadete tras acabar o primeiro encontro da Liga galega en Culleredo

A moeda caeu do lado celeste tras un espectacular derbi Provincial

O ACADEMIA A MARIÑA BURELA vendeu cara a derrota no debut das mariñas na máxima categoría infantil feminina. Estudiantes reinou finalmente na alternancia de vantaxes no último cuarto

C.B. BURELA		ESTUDIANTES	
56		60	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Henar	7	Laura	17
Sara	17	Maria A.	
Zaida		Ana	
Candela	3	Maria C.	
Lucía	7	Pau	
Cecilia	15	Aroa	
Sabela	5	Dani	
Paula	2	Paula	
Laura		Alma	
		Iria	
		Ari	
		Daniela	

“SOLO NUESTROS ERRORES NOS PRIVARON DE LLEVARNOS LA VICTORIA ANTE UN EQUIPAZO. CONTENTO CON EL DEBUT”

NACHO MOTA - C.B. Burela



Nacho Mota posando coas súas xogadores antes do partido ante Estudiantes en Vista Alegre o pasado domingo

O Academia A Mariña CB Burela e Estudiantes Leyma disputaron un encontro do que todo o baloncesto base lucense debe sentirse orgulloso. Os dous mellores equipos femininos en idade infantil da Provincia citáronse na primeira xornada da Liga Galega en Vista Alegre e ofreceron un gran espectáculo.

Burela, con Nacho Mota debutando á fronte do equipo en partido oficial, chegaba ao encontro máis rodado tras disputar a fase de ascenso na que conseguiron unha praza na Primeira División, mentres que Estudiantes facía a súa presentación oficial con Ángel Riobóo á fronte do equipo.

Os nervios, que sempre aparecen nas postas en escena, atenuaron máis ás locais nos primeiros minutos, nos que comete-

ron erros tanto en defensa, con despistes nas axudas e concedendo demasiados rebotes a Estudiantes, como en ataque con perdas de balón que desentendaban en canastras fáciles das celestes á contra.

Estudiantes dominou o partido na primeira parte, chegando con máis 11 ao descanso, 22-33, pero Burela aínda non dixerá a última palabra. As mariñas subiron o listón de intensidade defensiva, provocaron erros nas capitalinas, roubaron balóns e creceron en sensacións á vez que remontaban no marcador.

Burela, tras un terceiro parcial de 19-13, chegou a remontar e a poñerse por diante no marcador no último parcial, no que Nacho Mota terminou con tres xogadoras de primeiro ano en pista e coa luz de reserva acendida no seu equipo, ante un Estudiantes que xogou mellor coa presión dos últimos minutos e alzouse coa vitoria nun espectacular derbi.

2

EQUIPOS LUCENSES na máxima categoría do baloncesto base infantil feminino esta tempada. Estudiantes e Burela, que asinou esta ano o ascenso de categoría

2

CUARTOS PARA CADA EQUIPO Estudiantes impúxose nos dous primeiros, 9-13 e 13-20 e Burela nos dous da segunda metade, 19-13 e 15-14 para pechar o marcador no definitivo 56-60

17

PUNTOS DE SARA A xogadora do Academia A Mariña Burela foi a máxima anotadora do encontro polos datos dos que dispoñemos ao peche desta edición

21

TIROS LIBRES errados polo Academia A Mariña Burela ao longo do encontro en Vista Alegre, sendo esta unha das claves da derrota do conxunto de Nacho Mota

CLASIFICACIÓNS

JUNIOR 1ª DIV. FEMININO										JUNIOR 1ª DIV. MASCULINO										CADETE 1ª FEMININO NORTE										CADETE 1ª MASCULINO NORTE										INFANTIL 1ª FEMININO NORTE										INFANTIL 1ª MASCULINO NORTE																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																											
RESULTADOS										RESULTADOS										RESULTADOS										RESULTADOS										RESULTADOS										RESULTADOS																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																											
Estudiantes - Carmelitas 46-37										Culleredo - Durán Ensino 50-89										Maristas - Rosalia 57-45										B. Ferrol - R. Ribadeo 82-61										Rosalia - Junquera 68-49										Betanzos - Obradoiro 42-64																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																											
Cortegada - Peleteiro 32-54										Sigaltec - Bosco 62-78										Peleteiro - Candelas Ensino 71-46										C. Artabra - San Ciprián 52-57										Peleteiro - Inmoponte 69-19										Montrove - Estudiantes 62-80																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																											
Bosco - C. Maria 64-39										Allariz - B. Ferrol 73-42										Giraldo - Estudiantes 57-68										Culleredo - Ensino Lugo 58-75										Arxil - C. Artabra 54-83										Maristas Lugo - Culleredo 74-54																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																											
B. Coruña - Rosalia 47-77										B. Amor - CB Tui 63-78										Culleredo - C. Artabra 72-52										B. Coruña - Estudiantes 85-95										Burela - Estudiantes 56-60										Narón - B. Coruña 92-42																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																											
C. Artabra - Mariano 43-76										Estudiantes - C. Ourense 71-58																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																			
Durán Ensino - Celta Apr.										Rosalia - Obradoiro 51-63																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																			
CLASIFICACIÓNS										CLASIFICACIÓNS										CLASIFICACIÓNS										CLASIFICACIÓNS										CLASIFICACIÓNS										CLASIFICACIÓNS																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																											
<table border="1"> <thead> <tr><th>Equipo</th><th>X</th><th>G</th><th>P</th><th>NP</th><th>PF</th><th>PC</th></tr> </thead> <tbody> <tr><td>COLEXIO MARIANO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>76</td><td>43</td></tr> <tr><td>ROSALIA</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>77</td><td>47</td></tr> <tr><td>BOSCO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>64</td><td>39</td></tr> <tr><td>PELETEIRO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>54</td><td>32</td></tr> <tr><td>ESTUDIANTES</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>46</td><td>37</td></tr> <tr><td>CARMELITAS</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>37</td><td>46</td></tr> <tr><td>CORTEGADA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>32</td><td>54</td></tr> <tr><td>COMPANIA MARIA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>39</td><td>64</td></tr> <tr><td>BASQUET CORUÑA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>47</td><td>77</td></tr> <tr><td>COSTA ARTABRA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>43</td><td>76</td></tr> <tr><td>DURAN ENSINO</td><td>0</td><td>0</td><td>0</td><td>0</td><td>0</td><td>0</td></tr> <tr><td>CELTA RECALVI</td><td>0</td><td>0</td><td>0</td><td>0</td><td>0</td><td>0</td></tr> </tbody> </table>										Equipo	X	G	P	NP	PF	PC	COLEXIO MARIANO	1	1	0	0	76	43	ROSALIA	1	1	0	0	77	47	BOSCO	1	1	0	0	64	39	PELETEIRO	1	1	0	0	54	32	ESTUDIANTES	1	1	0	0	46	37	CARMELITAS	1	0	1	0	37	46	CORTEGADA	1	0	1	0	32	54	COMPANIA MARIA	1	0	1	0	39	64	BASQUET CORUÑA	1	0	1	0	47	77	COSTA ARTABRA	1	0	1	0	43	76	DURAN ENSINO	0	0	0	0	0	0	CELTA RECALVI	0	0	0	0	0	0	<table border="1"> <thead> <tr><th>Equipo</th><th>X</th><th>G</th><th>P</th><th>NP</th><th>PF</th><th>PC</th></tr> </thead> <tbody> <tr><td>DURÁN ENSINO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>89</td><td>50</td></tr> <tr><td>CB ALLARIZ</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>73</td><td>42</td></tr> <tr><td>BOSCO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>78</td><td>62</td></tr> <tr><td>C.B. TUI MASCATO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>78</td><td>63</td></tr> <tr><td>ESTUDIANTES</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>71</td><td>58</td></tr> <tr><td>OBRADEIRO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>63</td><td>51</td></tr> <tr><td>ROSALIA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>51</td><td>63</td></tr> <tr><td>CLUB OURENSE</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>58</td><td>71</td></tr> <tr><td>BLANCO AMOR</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>63</td><td>78</td></tr> <tr><td>SIGALTEC</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>62</td><td>78</td></tr> <tr><td>BASKET FERROL</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>42</td><td>73</td></tr> <tr><td>KFC CULLEREDO</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>50</td><td>89</td></tr> </tbody> </table>										Equipo	X	G	P	NP	PF	PC	DURÁN ENSINO	1	1	0	0	89	50	CB ALLARIZ	1	1	0	0	73	42	BOSCO	1	1	0	0	78	62	C.B. TUI MASCATO	1	1	0	0	78	63	ESTUDIANTES	1	1	0	0	71	58	OBRADEIRO	1	1	0	0	63	51	ROSALIA	1	0	1	0	51	63	CLUB OURENSE	1	0	1	0	58	71	BLANCO AMOR	1	0	1	0	63	78	SIGALTEC	1	0	1	0	62	78	BASKET FERROL	1	0	1	0	42	73	KFC CULLEREDO	1	0	1	0	50	89	<table border="1"> <thead> <tr><th>Equipo</th><th>X</th><th>G</th><th>P</th><th>NP</th><th>PF</th><th>PC</th></tr> </thead> <tbody> <tr><td>PELETEIRO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>71</td><td>46</td></tr> <tr><td>KFC CULLEREDO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>72</td><td>52</td></tr> <tr><td>MARISTAS CORUÑA</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>57</td><td>45</td></tr> <tr><td>ESTUDIANTES</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>68</td><td>57</td></tr> <tr><td>GIRALDO CBV</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>57</td><td>68</td></tr> <tr><td>INSTITUTO ROSALIA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>45</td><td>57</td></tr> <tr><td>COSTA ARTABRA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>52</td><td>72</td></tr> <tr><td>CANDELAS ENSINO</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>46</td><td>71</td></tr> </tbody> </table>										Equipo	X	G	P	NP	PF	PC	PELETEIRO	1	1	0	0	71	46	KFC CULLEREDO	1	1	0	0	72	52	MARISTAS CORUÑA	1	1	0	0	57	45	ESTUDIANTES	1	1	0	0	68	57	GIRALDO CBV	1	0	1	0	57	68	INSTITUTO ROSALIA	1	0	1	0	45	57	COSTA ARTABRA	1	0	1	0	52	72	CANDELAS ENSINO	1	0	1	0	46	71	<table border="1"> <thead> <tr><th>Equipo</th><th>X</th><th>G</th><th>P</th><th>NP</th><th>PF</th><th>PC</th></tr> </thead> <tbody> <tr><td>BASKET FERROL</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>82</td><td>61</td></tr> <tr><td>ENSINO LUGO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>75</td><td>58</td></tr> <tr><td>ESTUDIANTES</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>95</td><td>85</td></tr> <tr><td>SAN CIPRIAN</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>57</td><td>52</td></tr> <tr><td>COSTA ARTABRA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>52</td><td>57</td></tr> <tr><td>BASQUET CORUÑA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>85</td><td>95</td></tr> <tr><td>KFC CULLEREDO</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>58</td><td>75</td></tr> <tr><td>CB RÍA DE RIBADEO</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>61</td><td>82</td></tr> </tbody> </table>										Equipo	X	G	P	NP	PF	PC	BASKET FERROL	1	1	0	0	82	61	ENSINO LUGO	1	1	0	0	75	58	ESTUDIANTES	1	1	0	0	95	85	SAN CIPRIAN	1	1	0	0	57	52	COSTA ARTABRA	1	0	1	0	52	57	BASQUET CORUÑA	1	0	1	0	85	95	KFC CULLEREDO	1	0	1	0	58	75	CB RÍA DE RIBADEO	1	0	1	0	61	82	<table border="1"> <thead> <tr><th>Equipo</th><th>X</th><th>G</th><th>P</th><th>NP</th><th>PF</th><th>PC</th></tr> </thead> <tbody> <tr><td>PELETEIRO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>69</td><td>19</td></tr> <tr><td>COSTA ARTABRA</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>83</td><td>54</td></tr> <tr><td>INSTITUTO ROSALIA</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>68</td><td>49</td></tr> <tr><td>ESTUDIANTES</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>60</td><td>56</td></tr> <tr><td>A MARIÑA BURELA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>56</td><td>60</td></tr> <tr><td>GRUPO JUNQUERA</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>49</td><td>68</td></tr> <tr><td>C.B. ARXIL</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>54</td><td>83</td></tr> <tr><td>CAB INMOPONTE</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>19</td><td>69</td></tr> </tbody> </table>										Equipo	X	G	P	NP	PF	PC	PELETEIRO	1	1	0	0	69	19	COSTA ARTABRA	1	1	0	0	83	54	INSTITUTO ROSALIA	1	1	0	0	68	49	ESTUDIANTES	1	1	0	0	60	56	A MARIÑA BURELA	1	0	1	0	56	60	GRUPO JUNQUERA	1	0	1	0	49	68	C.B. ARXIL	1	0	1	0	54	83	CAB INMOPONTE	1	0	1	0	19	69	<table border="1"> <thead> <tr><th>Equipo</th><th>X</th><th>G</th><th>P</th><th>NP</th><th>PF</th><th>PC</th></tr> </thead> <tbody> <tr><td>NARÓN</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>92</td><td>42</td></tr> <tr><td>OBRADEIRO CAB</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>64</td><td>42</td></tr> <tr><td>MARISTAS LUGO</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>74</td><td>54</td></tr> <tr><td>ESTUDIANTES</td><td>1</td><td>1</td><td>0</td><td>0</td><td>80</td><td>62</td></tr> <tr><td>MONTROVE</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>62</td><td>80</td></tr> <tr><td>KFC CULLEREDO</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>54</td><td>74</td></tr> <tr><td>BETANZOS</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>42</td><td>64</td></tr> <tr><td>BASQUET CORUÑA I</td><td>1</td><td>0</td><td>1</td><td>0</td><td>42</td><td>92</td></tr> </tbody> </table>										Equipo	X	G	P	NP	PF	PC	NARÓN	1	1	0	0	92	42	OBRADEIRO CAB	1	1	0	0	64	42	MARISTAS LUGO	1	1	0	0	74	54	ESTUDIANTES	1	1	0	0	80	62	MONTROVE	1	0	1	0	62	80	KFC CULLEREDO	1	0	1	0	54	74	BETANZOS	1	0	1	0	42	64	BASQUET CORUÑA I	1	0	1	0	42	92
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
COLEXIO MARIANO	1	1	0	0	76	43																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ROSALIA	1	1	0	0	77	47																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BOSCO	1	1	0	0	64	39																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
PELETEIRO	1	1	0	0	54	32																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ESTUDIANTES	1	1	0	0	46	37																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
CARMELITAS	1	0	1	0	37	46																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
CORTEGADA	1	0	1	0	32	54																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
COMPANIA MARIA	1	0	1	0	39	64																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BASQUET CORUÑA	1	0	1	0	47	77																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
COSTA ARTABRA	1	0	1	0	43	76																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
DURAN ENSINO	0	0	0	0	0	0																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
CELTA RECALVI	0	0	0	0	0	0																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
DURÁN ENSINO	1	1	0	0	89	50																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
CB ALLARIZ	1	1	0	0	73	42																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BOSCO	1	1	0	0	78	62																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
C.B. TUI MASCATO	1	1	0	0	78	63																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ESTUDIANTES	1	1	0	0	71	58																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
OBRADEIRO	1	1	0	0	63	51																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ROSALIA	1	0	1	0	51	63																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
CLUB OURENSE	1	0	1	0	58	71																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BLANCO AMOR	1	0	1	0	63	78																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
SIGALTEC	1	0	1	0	62	78																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BASKET FERROL	1	0	1	0	42	73																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
KFC CULLEREDO	1	0	1	0	50	89																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
PELETEIRO	1	1	0	0	71	46																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
KFC CULLEREDO	1	1	0	0	72	52																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
MARISTAS CORUÑA	1	1	0	0	57	45																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ESTUDIANTES	1	1	0	0	68	57																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
GIRALDO CBV	1	0	1	0	57	68																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
INSTITUTO ROSALIA	1	0	1	0	45	57																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
COSTA ARTABRA	1	0	1	0	52	72																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
CANDELAS ENSINO	1	0	1	0	46	71																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BASKET FERROL	1	1	0	0	82	61																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ENSINO LUGO	1	1	0	0	75	58																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ESTUDIANTES	1	1	0	0	95	85																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
SAN CIPRIAN	1	1	0	0	57	52																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
COSTA ARTABRA	1	0	1	0	52	57																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BASQUET CORUÑA	1	0	1	0	85	95																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
KFC CULLEREDO	1	0	1	0	58	75																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
CB RÍA DE RIBADEO	1	0	1	0	61	82																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
PELETEIRO	1	1	0	0	69	19																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
COSTA ARTABRA	1	1	0	0	83	54																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
INSTITUTO ROSALIA	1	1	0	0	68	49																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ESTUDIANTES	1	1	0	0	60	56																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
A MARIÑA BURELA	1	0	1	0	56	60																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
GRUPO JUNQUERA	1	0	1	0	49	68																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
C.B. ARXIL	1	0	1	0	54	83																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
CAB INMOPONTE	1	0	1	0	19	69																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
NARÓN	1	1	0	0	92	42																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
OBRADEIRO CAB	1	1	0	0	64	42																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
MARISTAS LUGO	1	1	0	0	74	54																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
ESTUDIANTES	1	1	0	0	80	62																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
MONTROVE	1	0	1	0	62	80																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
KFC CULLEREDO	1	0	1	0	54	74																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BETANZOS	1	0	1	0	42	64																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
BASQUET CORUÑA I	1	0	1	0	42	92																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																							
PRÓXIMA XORNADA										PRÓXIMA XORNADA										PRÓXIMA XORNADA										PRÓXIMA XORNADA										PRÓXIMA XORNADA																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																					
C. Maria - B. Coruña Peleteiro - Bosco Celta - C. Artabra Carmelitas - Durán Ensino Rosalia - Estudiantes Mariano - Cortegada										Obradoiro - CB Allariz C. Ourense - Rosalia CB Tui - Sigaltec Durán Ensino - Blanco Amor B. Ferrol - Culleredo Bosco - Estudiantes										Culleredo - Peleteiro Candelas Ensino - Maristas Coruña Estudiantes - C. Artabra Rosalia - Giraldo										R. Ribadeo - B. Coruña Estudiantes - C. Artabra Ensino Lugo - B. Ferrol San Ciprián - Culleredo										Junquera - Peleteiro Inmoponte - Burela Estudiantes - CB Arxil C. Artabra - Rosalia										B. Coruña - Montrove Culleredo - Betanzos Obradoiro - Narón Estudiantes - Maristas Lugo																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																																											

Maristas deixa de sorprenden

A XERACIÓN DOURADA DOS COLEXIAIS levou ao club por primeira vez a unha Liga Galega infantil masculina e no primeiro encontro xa sumaron a primeira vitoria da tempada



Julian a piques de lanzar a canastra baixo o aro



Alexis botando a pelota nun lance do encontro



Mauro penetrando con decisión a canastra no Anexo

MARISTAS		CULLEREDO	
74		54	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Mauro	3	Golpe	
Alexis	3	Abelleira	
Miguel	2	Via	
Julían	22	Gómez	
Gabi	6	Hernández	
Jorge	2	Santiso	
David		Moretti	
Samuel	24	Alonso	
Néstor	10	Alonso	
Gabi F.	2	Morjales	
		Bianco	
		Martínez	

Maristas disputou o seu primeiro encontro como club na Liga Galega infantil masculina e fixoo cunha vitoria. A xeración dourada dos colexiais gañouse a tempada pasada en preinfantil unha praza para competir este curso na máxima categoría infantil masculina, na que debutaron ao grande tras impoñerse no Anexo a Culleredo 74-54.

Maristas apareceu a pasada tempada no panorama galego, pero a día de hoxe os de Rubén Engroba xa non son unha sorpresa, son unha realidade e están na fala da xente.

O parcial inicial de 23-2 foi o espertador para os que non estaban atentos. Nos primeiros dez minutos Maristas igualou o rebote pese a ter menos centímetros que o seu rival xogou con moita enerxía con ataques rápidos e moi solidarios cos que desbordaron por completo a Culleredo.

O único lunar na primeira parte foi a carga de faltas persoais, o que levou a Julián ao banco no segundo parcial. Tras uns minutos de descanso volveu á pista

"TUVIMOS UN GRAN COMIENZO QUE TIENE QUE SER NUESTRA REFERENCIA A LO LARGO DE LA TEMPADA"

RUBÉN ENGROBA - Maristas

e cometeu unha nova falta persoal, polo que Gabi tivose que multiplicar en defensa sobre os interiores visitantes.

Pese a iso, o segundo parcial terminou con 18-18 e ao descanso chegouse con 41-25 no marcador.

Samuel Viño converteuse na referencia ofensiva de Maristas e cando a carga de faltas sentou de novo a Julián e Gabi no banquillo, apareceu un mini Néstor, para tomar a substitución do seu irmán e manter baixo control a un Culleredo que soñaba con recortar distancias no marcador, pero Maristas chegou con frescura ao tramo final, xogou un baloncesto intelixente coa xestión do tempo e a vantaxe no marcador ata firmar a súa primeira vitoria coa que pon sobreaviso unha vez máis ao baloncesto galego.

24

PUNTOS SAMUEL VIÑO

Cando peor pintaban as cousas para Maristas pola carga de faltas, Samuel asumiu a responsabilidade e con acerto e templanza desde o tiro libre mantivo a Culleredo afastado no marcador



Samuel foi un dos xogadores máis destacados do partido



Miguel iniciando unha xogada de contraataque



O colexial Jorge en carreira ante a presión dun rival

MONTROVE		ESTUDIANTES	
62		80	
Xogador	PTS.	Xogador	PTS.
Barbeito		Brais	23
González		Santi	9
Fernández		Isma	5
Gómez		Pi	6
Calvo		Dani	1
Baleato		Pablo	
Baleato		Leo	4
Vilarino		Bernal	
Gracia		Rozas	
Boo		Serguei	30
Barbeito		Mario	2
Giz			

Estudiantes soubo reaccionar sobre a marcha ante Montrove

OS DE NICO FERNÁNDEZ foron de menos a máis, pero cun par de axustes no descanso o adestrador celeste conseguiu cambiar por completo o rumbo do partido

Estudiantes debutou na Liga Galega infantil masculina con boas sensacións tras impoñerse nun partido no que foron de menos a máis ata terminar sometendo con claridade a Montrove en Oleiros.

Os de Nico Fernández empezaron espesos con lagoas defensivas no medio dun intercambio de canastras que non permi-

tía que o partido tivese dono.

O primeiro parcial pechouse con 15-16 e no segundo Estudiantes xa empezou a dar sinais de superioridade, 11-15 para chegar ao final da primeira parte con 26-31 no electrónico.

Nico Fernández baixou as pulsacións dos seus xogadores e tras coller

aire axustou a defensa e aclarou as ideas do equipo.

A charla propiciou un efecto inmediato xa que, sobre todo en defensa, Estudiantes deu un paso á fronte e con iso xogou moito máis centrado durante a segunda parte, na que os celestes ampliaron a vantaxe co paso dos minutos ata chegar ao definitivo 62-80 co que

debutaron esta tempada na Liga Galega infantil masculina con vitoria.

Próxima xornada

O derbi lucense da Liga Galega infantil masculina non se fai esperar. A próxima xornada, a segunda, Estudiantes recibirá a Maristas no duelo que medirá aos dous representantes lucenses

"EMPEZAMOS BIEN, PERO AUN NOS QUEDA MUCHO TRABAJO" NICO FERNÁNDEZ - Estudiantes

na máxima categoría do baloncesto infantil esta tempada. Ambos chegan á cita tras debutar na competición con senllas vitorias.

A pasada tempada estas dúas xeracións repartíronse as vitorias,

primeiro gañou Maristas e despois Estudiantes, pero en ningún dos dous encontros coincidiron Julián e Sergei, dous pilares de cada equipo que nesta ocasión se non pasa nada ao longo da semana, estarán ambos dispoñibles.

Xuntanza Mini

CATORCE COMBINADOS MASCULINOS E FEMININOS das diferentes delegacións zonais e dous equipos autonómicos da xeración do 2009 reuníronse o pasado sábado na capital galega

Esta fin de semana, no pavillón de Restollal de Santiago de Compostela, tivo lugar a primeira Xuntanza Mini da temporada, unha actividade programada pola área deportiva FGB co obxectivo de que os seleccionadores galegos da categoría Minibasket poidan facer un seguimento de xogadores e xogadoras para as convocatorias das seleccións minis masculinas e femininas de cara aos campiónatos de España.

Sete equipos femininos, e outros tantos masculinos, das diferentes delegacións zonais, formados por nenos e nenas do ano 2008, e dous combinados autonómicos da xeración de 2009 citáronse na xornada do sábado para disputar dous encontros cada un, sen marcador, de maneira que os técnicos Fegaba puidesen facer as primeiras apreciacións de cara ás futuras convocatorias.

En total, dezaseis equipos e oitenta participantes que competiron na capital galega e poderán optar a unha praza na convocatoria definitiva das seleccións masculina e feminina para o Campionato de España Minibasket que se disputará a final de temporada.

O combinado feminino de Lugo, adestrado por Cristina Vázquez e Vania Costoya, contou con 10 xogadoras de cinco equipos diferentes: Carlota Fernández, Valle Reija, Marina Pazo e Nerea Menor -Estudiantes-, Noa López -CB Sarria-, Zoe Fernández -CB Ribadeo-, Claudia Pin -Franciscanos-, Antía Platero e Candela Díaz -Galén Ensino- e Nadia Andión -Maristas-.

O cadro masculino contou con David Arias e Andrés Vila como adestradores e con xogadores de ata cinco equipos: Mesfin Sánchez, Néstor Viño, Carlos Cabo e Jorge Moyer -Maristas-, Iván Calvín e Alejandro González -CB Ribadeo-, Javier Cerqueiro -María Auxiliadora-, Juan Fernández -CB Viveiro-, e Rubén Carreira e Nayo McCarthy -Estudiantes-.

O combinado autonómico masculino da xeración do 2009 tamén tivo representación lucense con dous xogadores da Provincia: Jacobo Méndez, de Estudiantes, e Dimas Camino, do CB Sarria.



O combinado Lucense masculino, adestrado por David Arias, de Ensino, e Andrés Vila, de Estudiantes



O grupo feminino de 2008, contou con Cristina Vázquez como adestradora e Vania Costoya, Galén, de axundante

LIGAS PROVINCIAIS

AS COMPETICIÓN PROVINCIAIS MASCULINAS E FEMININAS PÓÑENSE EN MARCHA CON DIFERENTES FORMATOS DEPENDENDO DA CATEGORÍA

A próxima fin de semana darán comezo as Ligas para os equipos lucenses que competirán esta temporada na Segunda División.

Na categoría júnior masculina cinco equipos da Provincia xogarán unha liga a dobre volta na que os catro primeiros se verán as caras en eliminatorias tamén a dobre partido, o gañador xogará a fase de ascenso. En júnior feminino cinco equipos, xunto a Baxi Ferrol, xogan unha liga a dobre volta. Os tres primeiros deste grupo e do de Coruña encadráranse para disputar unha segunda fase con sis-

tema olímpico na que os dous primeiros pasan á fase de ascenso.

En cadete masculino, sete equipos da provincia xogarán unha liga a dobre volta. Os tres primeiros, xunto a tres de Ferrol, loitarán por dúas prazas para a fase de ascenso nunha liga con sistema olímpico. A categoría cadete feminina contará con sete equipos lucenses e catro de Ferrol, todos xogarán unha liga a dobre volta na que os dous primeiros loitarán polo salto de categoría.

No que corresponde ás ligas infantís, o grupo mas-

culino contará con dez equipos da provincia que competirán nunha liga, tamén a dobre volta. Os tres primeiros clasificados xogarán a segunda fase nun grupo de seis con conxuntos de Ferrol, e os dous que rematen no máis alto da táboa buscarán a final de temporada o ascenso. Na liga feminina os tres primeiros clasificados na primeira fase uniránse a outros tres equipos de Ferrol para disputar seis xornadas a sistema olímpico tralas que os dous primeiros pasarán a xogar a fase de ascenso.